



Suxestión dirixida á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que se incremente a formación do profesorado e os talleres específicos de prevención e detección do acoso na etapa preescolar

Expediente: D.3.Q/144/23

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2023

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. XXXX, pai e representante legal de XXX, alumno do CEIP XXX, en XXX (A Coruña).

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, indicaba o seu desacordo coa actuación do centro tras comunicarlle o que cualificaba como un caso de acoso por parte doutro neno ao seu fillo, sendo agredido con lesións. A persoa que promoveu esta queixa expresa o seu malestar pola inacción do colexio e por non ter activado coa primeira denuncia o protocolo correspondente. Reitérase a denuncia o 2/12/2022 ante as novas agresións que refire o seu fillo, aportando parte médico de asistencia e fotos das lesións.

No escrito sinala: *"(...) finalizados los plazos de resolución del procedimiento corrector abierto fuera de plazo, el colegio se comunica conmigo para determinar que no hay acoso porque no hay intencionalidad en las agresiones y que si quiero la resolución que la petición por escrito, hecho totalmente en contra de lo que dictamina el protocolo de la Xunta"*.

No informe remitido pola Administración educativa maniféstase que as supostas "agresións" ás que fai referencia o escrito de queixa foron corrixidas polo persoal docente do centro no momento de producirse, indicándolle ao alumno o que estaba mal da súa actuación e aplicándolle a corrección adecuada a cada caso.

O informe recoñece os seguintes feitos:

·O primeiro incidente produciuse nas escaleiras, no que outro neno empurrara ao fillo do interesado, facendo que caera. A titora primeiro preocupouse de que o alumno se encontrara ben e a continuación falou co outro neno para recordarlle claramente as normas de comportamento cando se soben e baixan as escaleiras e non se volveron a producir mais incidentes dese tipo.

·O venres 4 de novembro, na celebración do magosto, o outro neno púxose a xogar cun brick facendo xiros coa man e nunha desas voltas magou ao fillo do promotor do expediente de queixa na pálpebra do ollo. A titora inmediatamente interveu, primeiro observando o ollo ferido e, a continuación, facendo consciente ao outro neno da consecuencia do seu xogo e recordándolle que unicamente se pode utilizar o brick se está correctamente colgado do pescozo.

·O 25 de novembro tivo lugar un novo incidente cun coitelo de xoguete adaptado para o alumnado de educación infantil, no que o alumno presuntamente acosador "ameazou" ao fillo do reclamante, o cal comunicoullo á docente que se atopaba na aula que solventou a situación como nos casos anteriores.

Porén, non se cualifican estes feitos como agresións, salientando que prodúcense habitualmente entre o alumnado de educación infantil e que non poden ser consideradas como agresións dado que non se realizan de xeito intencionado, senón que son froito de xogar xuntos ou de non ter adquiridas as habilidades de resolución de conflitos pola súa curta idade.

Malia isto, a instancias do pai, o 28/11/2022 o centro abriu a primeira fase do *Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso* e iniciou un período de observación "especial" na interacción dos dous alumnos, coa finalidade de comprobar se existía algún indicio de acoso escolar. Este protocolo pechouse o 16/12/2022 coa indicación de que non existía indicio algún de acoso, dado que, como ben se indica no mencionado protocolo, non se deron de xeito simultáneo os tres criterios diagnósticos: a existencia de intención de facer dano; a repetición das condutas agresivas e a duración no tempo.

Segundo a Administración educativa, *"é evidente que neste caso non se pode indicar que existise unha intención de facer dano senón que a curta idade dos alumnos fai que non sexan conscientes na maioría dos casos das consecuencias dos seus actos, feito este que se pretende corrixir co labor do persoal docente desta etapa"*.

Finalmente, en canto aos "*motivos polos que non se lle facilitou copia do procedemento corrector desenvolvido no centro*" o informe indica que non existiu ningún procedemento corrector senón só se realizaron as fases de investigacións previas e recollida e análise da información, das que se concluíu a non existencia de acoso escolar.

Por outro lado, sobre o indicado polo reclamante no relativo á solicitude por escrito da copia da documentación do protocolo, entende o informe que hai unha confusión sobre as fases do protocolo dado que no seu caso só se produciu a de indagacións previas, que non derivou no desenvolvemento do procedemento corrector, no que si se lle comunicaría e se lle facilitaría esa documentación. Porén, como en calquera solicitude realizada ante a administración, é posible obter unha copia da documentación destas fases presentando esta solicitude no rexistro do centro que, logo de disociar calquera dato persoal dos que non se conte con autorización, facilitaralle unha copia de todos os documentos.

#### ANÁLISE

O informe aportado pola Administración confirma os episodios ocorridos no centro pero a interpretación difire da que fai a persoa que promoveu a queixa; a valoración que o reclamante traslada do acontecido non concorda coas conclusións do centro escolar, que pretende aclarar no informe o contexto no que foron avaliadas as condutas dos alumnos, tamén no relativo á situación na que se produciu a lesión nun ollo á que se refire o interesado na queixa.

A consellería minimiza a transcendencia destes incidentes baseándose na idade dos alumnos, considerando a Administración que a esa idade non pode existir a intencionalidade de facer dano. O informe subliña que non houbo un procedemento corrector e que, tras acordar a apertura do protocolo, non se recadaron indicios na fase de indagacións previas e recollida de información que xustificara continuar coa tramitación prescrita xa que determinouse que non houbo acoso porque no houbo intencionalidade nas agresións, entendendo que o limitado grao de consciencia de nenos de cinco anos sobre o alcance dos seus actos impide esa voluntariedade de facer dano á vítima que implica o acoso escolar.

Esta afirmación esta desmentida en moitos estudos científicos e académicos sobre o *bullying*, que en ningún caso esta excluído na etapa de educación infantil aínda que non sexa frecuente. Os estudos sobre o acoso na etapa preescolar distinguen entre os menores de tres anos e o alumnado a partir dos catro anos, idade na que existe un desenvolvemento da auto-consciencia e da intención dos actos. As pelexas entre nenos destas idades que se producen de forma aleatoria deben ser coidadosamente diferenciadas de actitudes agresivas reiteradas cara a un concreto compañeiro. Subliña o informe que xogan xuntos e que incluso

o alumno supostamente acosado é o que busca ao suposto agresor, pero isto é típico das relacións de dominación.

Por outra parte, insiste o informe na vixilancia do centro pero non foron quen de advertir nin o empurrón das escaleiras, nin o golpe no ollo co brick nin o empurrón para pasar primeiro, que o alumno relata como un “puñetazo” pero que a orientadora tampouco presenciou.

### CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte **suxestión**:

Que se incremente a formación do profesorado e os talleres específicos de prevención e detección do acoso na etapa preescolar; e que, concretamente, se traballen nese centro as ferramentas de detección e prevención das condutas agresivas nesa etapa que serían cualificadas como posible acoso escolar de terse producido na etapa de primaria, sen minimizar tales condutas por unha presunción de falta de intencionalidade dada a idade dos alumnos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo